






INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL

Segundo trimestre de 2021

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Segundo trimestre de 2021

- O custo laboral das empresas rexistrou en Galicia unha taxa de variación anual do 10,2% no segundo trimestre de 2021; no conxunto de España a taxa foi do 13,2%. O custo laboral total en Galicia é de 2.495,37 euros, 271,02 euros inferior á media nacional (2.766,39 euros).
- O custo salarial creceu en Galicia un 11,0% no segundo trimestre de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior e en España un 14,4%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.852,99 euros, mentres que a media do conxunto de España é de 2.064,37 euros.
- O custo laboral por hora efectiva diminúe un 5,4% en Galicia e un 5,2% en España no segundo trimestre do ano.
- O custo laboral aumenta en todas as comunidades autónomas.
- A xornada semanal media pactada é de 34,8 horas semanais en Galicia e de 34,6 horas en España.

Custo laboral. Segundo trimestre de 2021			
Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
 10,2	Custo total	2.495,37	10,2
 8,1	Custo salarial total	1.852,99	11,0
	Outros custos	642,38	7,8
 2,3	Cotizacións obrigatorias	595,63	9,5
 0,1	Percepcións non salariais	65,95	4,8
 0,4	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	19,20	74,1


⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral por traballador e mes acada os 2.495,37 euros no segundo trimestre de 2021, co que aumenta un 10,2% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. En España o custo laboral aumenta un 13,2% e supera en 271,02 euros o custo laboral en Galicia.

Na análise dos datos deste trimestre hai que ter en conta que as comparacións interanuais realízanse con segundo trimestre de 2020, o trimestre máis afectado pola pandemia no ámbito laboral.

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.








O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **Custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acada os 1.852,99 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un incremento do 11,0%. En España, o custo salarial crece un 14,4%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que aumenta o 14,3% en Galicia, acadando os 1.613,80 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1.736,39 euros, cun incremento do 15,9% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- Os **Outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 642,38 euros en Galicia, co que aumentan un 7,8%; en España crecen un 9,9%, ata os 702,02 euros.

2. Custo laboral segundo actividade económica






Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total aumenta en todos os sectores.

Na **Industria** o Custo total crece un 11,6%, cun incremento do Custo salarial total do 11,4% e dos Outros custos do 11,9%.

INDUSTRIA. Segundo trimestre de 2021			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
 11,6	Custo total	2.854,1	11,6
 8,3	Custo salarial total	2.061,0	11,4
 2,8	Outros custos	793,2	11,9
 0,6	Cotizacións obrigatorias	707,4	11,1
 0,1	Percepcións non salariais	95,9	19,8
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	10,1	28,7

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos






O Custo total na **Construción** aumenta un 8,9%, crecendo o Custo salarial total o 8,9% e os Outros custos o 9,1%.

CONSTRUCCIÓN. Segundo trimestre de 2021			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
 8,9	Custo total	2.945,8	8,9
 6,4	Custo salarial total	2.134,2	8,9
 1,8	Outros custos	811,7	9,1
 0,8	Cotizacións obrigatorias	698,8	7,7
 0,1	Percepcións non salariais	118,6	22,1
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	5,8	136,9

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

Nos **Servizos** o Custo total aumenta un 10,0% como consecuencia do incremento do Custo salarial total, 11,2% e dos Outros custos, 6,4%.

SERVIZOS. Segundo trimestre de 2021

Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	2.367,1	10,0
	Custo salarial total	1.776,8	11,2
	Outros custos	590,3	6,4
	Cotizacións obrigatorias	559,2	9,2
	Percepcións non salariais	53,8	-3,2
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	22,6	79,5

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O custo laboral na Industria e nos Servizos en Galicia é inferior en máis de 300 euros á media nacional; na Construción a diferenza é menor, en torno a 100 euros inferior en Galicia.

3. Tempo de traballo

No segundo trimestre de 2021, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 34,8 horas semanais, e destas, pérdense 5,4 horas semanais. En España, a xornada semanal pactada é de 34,6 horas, das que se perden 5,4 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 29,4 horas semanais en Galicia e de 29,3 horas no conxunto do Estado.

O custo laboral total por hora efectiva diminúe en Galicia un 5,4% e en España un 5,2% debido a que o aumento das horas traballadas é superior ao dos custos laborais.


**Custo laboral por hora efectiva.
Segundo trimestre de 2021**

	Euros	Taxa interanual
Galicia		
Custo laboral total	19,5	-5,4
Custo salarial total	14,5	-4,7
Outros custos	5,0	-7,6
España		
Custo laboral total	21,7	-5,2
Custo salarial total	16,2	-4,1
Outros custos	5,5	-8,0

Fonte: INE

4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra unha taxa do 9,8% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.




5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a Madrid e País Vasco, que supera en máis de 300 euros á media nacional, mentres que en Extremadura e Canarias o custo laboral é inferior á media nacional en máis de 400 euros.

O custo laboral aumenta en todas as comunidades. Os maiores incrementos prodúcense en Illes Balears (30,0%), Comunitat Valenciana (18,4%) e Canarias (18,2%). Os menores crecementsos rexístranse en Navarra (7,7%) e País Vasco (8,9%).

Custo laboral total. 2º trimestre de 2021

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

Custo laboral: custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

Custo salarial: comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

Outros custos: inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

Hora efectiva: son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

Custo laboral por traballador e mes: mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

Custo laboral por hora efectiva de traballo: mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.

Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Segundo trimestre de 2021

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	2.495,37	10,2	2.854,10	11,6	2.945,82	8,9	2.367,10	10,0
Custo salarial total	1.852,99	11,0	2.060,95	11,4	2.134,17	8,9	1.776,76	11,2
Custo salarial ordinario	1.613,80	14,3	1.795,40	15,9	1.615,08	11,1	1.570,09	14,2
Outros custos	642,38	7,8	793,15	11,9	811,65	9,1	590,34	6,4
Cotizacións obrigatorias	595,63	9,5	707,35	11,1	698,81	7,7	559,16	9,2
Percepcións non salariais	65,95	4,8	95,92	19,8	118,62	22,1	53,82	-3,2
Subvencións e bonificacións	19,20	74,1	10,13	28,7	5,78	136,9	22,64	79,5
España								
Custo laboral total	2.766,39	13,2	3.224,74	11,7	2.838,95	9,1	2.678,83	13,8
Custo salarial total	2.064,37	14,4	2.373,53	13,1	2.034,80	8,3	2.011,38	15,1
Custo salarial ordinario	1.736,39	15,9	1.961,16	15,1	1.709,09	13,1	1.698,32	16,3
Outros custos	702,02	9,9	851,21	8,0	804,15	11,3	667,45	10,0
Cotizacións obrigatorias	639,28	11,2	769,61	10,3	727,27	11,5	609,18	11,3
Percepcións non salariais	75,52	-0,3	91,87	-7,8	85,73	11,3	71,81	0,5
Subvencións e bonificacións	12,78	9,5	10,27	10,9	8,84	34,6	13,54	8,7

Fonte: INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Segundo trimestre de 2021

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	19,5	-5,4	20,6	-6,0	20,3	-5,3	19,1	-5,3
Custo salarial total	14,5	-4,7	14,9	-6,1	14,7	-5,4	14,3	-4,3
Custo salarial ordinario	12,6	-1,9	13,0	-2,3	11,2	-3,5	12,7	-1,6
Outros custos	5,0	-7,6	5,7	-5,8	5,6	-5,1	4,8	-8,3
España								
Custo laboral total	21,7	-5,2	23,1	-5,7	19,4	-5,4	21,6	-5,0
Custo salarial total	16,2	-4,1	17,0	-4,5	13,9	-6,1	16,2	-3,9
Custo salarial ordinario	13,6	-2,9	14,1	-2,8	11,7	-1,9	13,7	-2,9
Outros custos	5,5	-8,0	6,1	-8,8	5,5	-3,5	5,4	-8,2

Fonte: INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes¹. Segundo trimestre de 2021

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
Galicia								
Ambas xornadas	29,4	5,4	31,8	6,2	33,3	5,1	28,5	5,3
Tempo completo	32,9	6,2	31,8	6,5	34,1	5,2	32,7	6,2
Tempo parcial	16,3	2,8	19,4	3,1	19,7	2,4	16,0	2,8
España								
Ambas xornadas	29,3	5,4	32,1	5,9	33,6	4,4	28,5	5,4
Tempo completo	32,8	6,1	33,3	6,1	34,8	4,6	32,4	6,2
Tempo parcial	17,3	3,1	18,6	2,8	19,0	1,8	17,2	3,2

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE

¹ A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Segundo trimestre de 2021

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	2.766,4	108,9	13,2	21,7	109,7	-5,2
Andalucía	2.451,2	107,0	10,3	19,3	107,0	-4,4
Aragón	2.728,1	113,0	16,2	21,2	110,5	-3,8
Asturias	2.872,7	111,7	10,5	22,6	111,1	-3,2
Balears, Illes	2.458,9	103,2	30,0	19,7	110,2	-9,0
Canarias	2.112,0	97,7	18,2	17,9	108,3	-8,5
Cantabria	2.585,0	106,4	9,6	20,3	109,5	-7,9
Castilla y León	2.511,1	108,1	11,6	20,1	108,5	-3,2
Castilla-La Mancha	2.448,0	108,3	9,3	19,2	108,5	-5,2
Cataluña	2.967,8	110,3	16,2	23,4	111,5	-6,3
Comunitat Valenciana	2.525,8	111,6	18,4	19,9	112,0	-2,9
Extremadura	2.285,1	109,0	9,3	18,1	108,5	-0,8
Galicia	2.495,4	111,0	10,2	19,5	112,3	-5,4
Madrid	3.298,7	109,7	11,2	24,8	109,2	-4,8
Murcia	2.494,9	107,7	11,7	19,2	107,0	-3,4
Navarra	2.996,6	112,9	7,7	23,9	111,2	-4,2
País Vasco	3.114,4	105,6	8,9	25,3	104,4	-9,0
Rioja, La	2.509,7	107,2	12,2	20,3	109,3	-3,2

Fonte: INE

Cadro 5.- Custo salarial. Segundo trimestre de 2021

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	2.064,4	108,8	14,4	16,2	109,6	-4,1
Andalucía	1.801,9	106,2	9,4	14,2	106,2	-5,2
Aragón	2.034,2	113,4	17,0	15,8	110,9	-3,1
Asturias	2.158,8	111,8	10,8	17,0	111,3	-3,0
Balears, Illes	1.846,7	105,0	34,5	14,8	112,0	-5,7
Canarias	1.547,6	97,3	20,7	13,1	107,8	-6,5
Cantabria	1.920,7	106,3	11,1	15,1	109,3	-6,6
Castilla y León	1.872,4	109,0	13,3	15,0	109,4	-1,8
Castilla-La Mancha	1.801,2	107,8	10,0	14,1	108,0	-4,5
Cataluña	2.229,1	110,5	18,6	17,6	111,8	-4,3
Comunitat Valenciana	1.852,2	110,0	19,1	14,6	110,4	-2,3
Extremadura	1.699,7	109,1	10,8	13,5	108,6	0,6
Galicia	1.853,0	112,0	11,0	14,5	113,3	-4,7
Madrid	2.518,4	110,5	12,8	18,9	110,1	-3,5
Murcia	1.840,4	106,8	11,4	14,2	106,1	-3,7
Navarra	2.228,2	113,4	7,7	17,8	111,7	-4,2
País Vasco	2.263,6	102,7	9,6	18,4	101,5	-8,5
Rioja, La	1.866,8	106,5	12,8	15,1	108,6	-2,7

Fonte: INE

Cadro 6.- Outros custos. Segundo trimestre de 2021

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	702,0	109,0	9,9	5,5	109,8	-8,0
Andalucía	649,4	109,2	13,0	5,1	109,2	-2,1
Aragón	693,9	111,6	13,9	5,4	109,3	-5,6
Asturias	713,9	111,2	9,9	5,6	110,6	-3,8
Balears, Illes	612,2	98,3	17,8	4,9	105,2	-17,5
Canarias	564,5	98,9	11,8	4,8	109,6	-13,4
Cantabria	664,3	106,8	5,5	5,2	109,9	-11,4
Castilla y León	638,7	105,5	6,9	5,1	106,0	-7,3
Castilla-La Mancha	646,9	109,6	7,3	5,1	110,0	-7,0
Cataluña	738,7	109,6	9,5	5,8	110,6	-11,7
Comunitat Valenciana	673,5	116,1	16,4	5,3	116,7	-4,3
Extremadura	585,4	108,4	5,2	4,7	108,1	-4,5
Galicia	642,4	108,3	7,8	5,0	109,4	-7,6
Madrid	780,3	107,0	6,3	5,9	106,5	-9,0
Murcia	654,5	110,4	12,6	5,1	109,8	-2,5
Navarra	768,4	111,5	7,6	6,1	109,7	-4,4
País Vasco	850,8	114,3	7,3	6,9	112,9	-10,4
Rioja, La	642,9	109,3	10,5	5,2	111,4	-4,6

Fonte: INE